
XI CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA CULTURA ACCESIBLE E INCLUSIVA 2026-2027

AXUDAS PARA FAVORECER A INCLUSIÓN E A
ACCESIBILIDADE NA VIDA CULTURAL

BASES DA CONVOCATORIA



Cultura Inclusiva

Coa colaboración de:

Introdución	3
1. Obxecto, Finalidade e Requisitos dos proxectos	4
2. Características das axudas.....	5
3. Entidades beneficiarias.....	6
4. Conceptos subvencionables e prazo de execución.....	7
5. Criterios de valoración.....	8
5.1 Valoración da entidade (ata 10 puntos)	8
5.2 Valoración do Proxecto presentado (Ata 90 puntos)	9
6. Solicitude: Prazo, documentación e proceso	13
6.1 Prazo de presentación.....	13
6.2 Datos de contacto para comunicacións.....	14
6.3 Documentación a presentar	14
6.4 Subsanación	16
7. Avaliación e Resolución	17
7.1 Proposta de valoración inicial.....	17
7.2 Proposta de concesión provisional	18
7.3 Proposta de resolución definitiva	18
8. Formalización da concesión. Forma de Pago. Circunstancias excepcionais	19
9. Obrigacións das entidades beneficiarias	20
9.1 Sobre as condicións de execución do proxecto	20
9.2 Sobre o proceso de seguimento e avaliación	21
9.3 Sobre a Protección de datos e Dereitos de imaxe.....	22
9.4 Sobre a publicidade e difusión	22
10. Xustificación	23
10.1 Documentación do proxecto	23
10.2 Documentación económica	24
10.3 Proceso de revisión e extinción do convenio.....	25
11. Incumprimentos	25
12. Protección de datos de carácter persoal.....	26

Introdución

A Fundación Emalcsa ten entre os seus obxectivos e fins, segundo os seus Estatutos:

- O deseño, promoción e realización, de forma directa ou concertada, de programas de integración social, prestacións sociais, promoción económica e fomento do emprego, así como todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello da Coruña leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa Política Social (Art. 6.a).
- O desenvolvemento e impulso de todo tipo de manifestacións culturais na cidade da Coruña, e a difusión da cultura da cidade no mundo e especialmente no ámbito da Unión Europea (Art. 6.c).
- A promoción da igualdade de oportunidades e da integración social e laboral da poboación en xeral e, especialmente, das persoas e colectivos que poidan sufrir discriminación ou dificultade para a súa plena integración social por razón de idade, déficits de formación, diversidade funcional ou discapacidade, padecemento de adicións ou de calquera outra causa (Art. 7.a.1.1).

No marco do 11.º aniversario de Festigal, e coincidindo tamén co 11.º aniversario da presente convocatoria, a Fundación Emalcsa lanza unha nova edición da súa convocatoria de axudas co obxectivo de impulsar unha cultura accesible e inclusiva na cidade da Coruña. Ao longo destes anos, Festigal consolidouse como un referente na promoción da diversidade e da igualdade de oportunidades no ámbito cultural da cidade, salientando o papel fundamental da cultura como ferramenta para a transmisión de valores, a integración e a cohesión social.

Esta convocatoria aliñase cos obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña 2024-2026 no relativo ao fomento do benestar social, a participación cidadá e a igualdade de oportunidades, fortalecendo a inclusión (OE2), así como á promoción da cidade e ao fomento da cultura, da educación, do turismo, do deporte e da divulgación científica (OE4), tendo en conta a disposición adicional décimo sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

1. Obxecto, Finalidade e Requisitos dos proxectos

O obxecto desta convocatoria é apoiar economicamente as entidades culturais na execución de proxectos de Cultura Accesible e Inclusiva na cidade da Coruña que busquen promover a participación e o acceso á cultura de todas as persoas, con independencia do seu xénero, orixe ou calquera outra condición, con especial atención ás persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

Para iso, os proxectos que concorran deberán atender a algún dos seguintes fins:

- a. Fomentar que as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.
- b. Elaborar material ou desenvolver programación e actividades culturais en formatos accesibles e inclusivos.
- c. Promover o acceso das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión á oferta cultural mediante o establecemento de mecanismos de participación, incluídos os tecnolóxicos, ou a facilitación dos recursos de apoio necesarios.
- d. Eliminar barreiras de acceso a lugares físicos ou virtuais nos que se desenvolvan representacións ou servizos culturais, tales como teatros, museos, cines, bibliotecas, páxinas web ou outros.

Ademais, os proxectos que se presenten a esta convocatoria deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar deseñados de forma específica para a presente convocatoria, podendo formar parte da programación e/ou actividades habituais.
2. Ter como obxectivo principal a promoción da inclusión cultural, garantindo a participación activa de grupos diversos e en risco de exclusión.
3. Contar cunha planificación e unha metodoloxía adecuada para garantir os obxectivos de integración e transformación social a través da arte e da cultura, aos que pretende contribuír esta convocatoria.
4. As actividades deberán desenvolverse en colaboración con cando menos unha entidade social especializada na atención a colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión. Entenderase por entidade social aquela organización sen ánimo de lucro que, con sede no Concello da Coruña, teña como finalidade a promoción da inclusión, da equidade e do benestar social, mediante intervencións dirixidas a persoas ou grupos en situación de desvantaxe. No caso de non existiren entidades locais que presten asistencia ao colectivo destinatario das actividades, poderá xustificarse a colaboración con entidades de ámbito territorial distinto, sempre que se acredite a súa especialización e experiencia na materia.
5. Desenvolverse no termo municipal da Coruña, sen prexuízo de que se realice algunha actividade fóra do municipio atendendo á súa natureza ou ás condicións específicas do colectivo destinatario.
6. As actividades desenvolvidas no marco do proxecto deberán ser gratuítas para as persoas beneficiarias. Para os efectos desta convocatoria, entenderase por

persoas beneficiarias aquelas que participen nas actividades que fosen financiadas ao abeiro da presente convocatoria.

7. Executarse entre o 1 de setembro de 2026 e o 31 de agosto de 2027. No caso de que a entidade solicitante sexa beneficiaria da convocatoria anterior, a data de inicio do proxecto presentado deberá ser posterior á finalización e xustificación do anterior.
8. Non serán obxecto de puntuación aqueles proxectos que, tendo sido executados en edicións anteriores, non incorporen melloras substanciais, elementos innovadores ou valor engadido respecto da súa versión previa, mantendo as mesmas características sen a debida xustificación expresa e documentada. A ausencia de elementos novidosos será considerada como criterio de exclusión na avaliación dos proxectos. Aquelas solicitudes que non respondan a estes requisitos non serán obxecto de valoración por parte da Comisión de Avaliación.

Aquelas solicitudes que non respondan a estes requisitos non serán obxecto de valoración por parte da Comisión de Avaliación.

2. Características das axudas

- a. O importe total destinado ás axudas é de CEN MIL EUROS (100.000,00 €).
- b. A concesión das subvencións efectúase en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación e publicidade, mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre elas segundo os criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras, e adxudicar, dentro do límite establecido na convocatoria e da dotación dispoñible, aquelas que acaden maior valoración en aplicación dos citados criterios.
- c. Cada entidade só poderá presentar un proxecto.
- d. Poderase subvencionar de forma parcial ou total o proxecto (academándose ata o 100 % do custo total). O importe de cada subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade/proxecto subvencionado.
- e. A axuda é compatible con outras subvencións.
- f. O importe máximo da subvención non poderá superar, para cada entidade beneficiaria, os DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), que serán concedidos proporcionalmente en función das puntuacións obtidas polo proxecto presentado, ata esgotar o crédito orzamentario.
- g. A contía mínima que se poderá conceder a cada proxecto será de TRES MIL EUROS (3.000 €).

h. A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcialmente a actividade subvencionada nos termos do artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, sempre que a prestación de bens e servizos subcontratada non forme parte do seu obxecto social. Non se admitirán subcontratacións con terceiros intermediarios que non acheguen valor engadido nin con entidades vinculadas, salvo autorización previa da Fundación Emalcsa e en condicións de mercado. Non se poderán contratar nin subcontratar servizos con entidades sociais que teñan suscrito un convenio de colaboración para o desenvolvemento das actividades contempladas no proxecto.

A parte subcontratada non poderá superar o 20 % da subvención e, en ningún caso, poderá concertarse con:

- Entidades incursas en prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- Entidades que reciban outras subvencións para a mesma actividade.
- Intermediarios cuxos pagos dependan dun porcentaxe do custo total, salvo xustificación de mercado.
- Solicitantes da mesma convocatoria que non obtivesen subvención.

No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, expresamente autorizadas pola Fundación, o importe subvencionable limitarase ao custo real asumido pola entidade ou persoa vinculada para a execución da actividade ou acción subcontratada. Este custo deberá acreditarse na fase de xustificación, seguindo os mesmos criterios establecidos para a entidade beneficiaria (base 10.2). Unicamente se admitirán os custos efectivamente incorridos pola entidade ou persoa vinculada subcontratada.

Outras achegas de financiamento

A obtención, con posterioridade á concesión da axuda por parte da Fundación Emalcsa, doutras subvencións para o mesmo proxecto ou actividade integrado neste, procedentes de calquera Administración ou Ente público ou privado, nacional ou internacional, deberá ser comunicada de inmediato e por escrito á Fundación Emalcsa, especificando a contía e o destino que se dará a eses fondos dentro do proxecto. En ningún caso a financiación poderá exceder o custo do proxecto.

3. Entidades beneficiarias

Son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, que deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución da actividade subvencionada, os seguintes:

- a. Que sexan privadas e sen fin de lucro, e que estean definidas como entidades culturais nos seus estatutos, cunha declaración clara da súa misión e obxectivos que reflicta o seu compromiso coa promoción e difusión da cultura.
- b. Que teñan a sede social no termo municipal da Coruña e estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).
- c. Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se é o caso.

- d. Que estean ao corrente das obrigas establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento da concesión da axuda.
- e. Que todas as persoas que participen na actividade da asociación (incluído o persoal contratado e o voluntario) cumpran coa lexislación en materia de igualdade e non discriminación, protección contra a violencia de xénero e protección xurídica do menor.

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes, debéndose manter todos eles ao longo do tempo que dure o proxecto. O incumprimento na data de peche do prazo de presentación de solicitudes considerarase criterio excluínate para a participación na convocatoria.

4. Conceptos subvencionables e prazo de execución

Consideraranse gastos elixibles aqueles que estean directamente vinculados coas actividades integradas no proxecto presentado e que sexan claramente necesarios para o seu desenvolvemento:

- a. Gastos do persoal directamente implicado no proxecto, durante o período de execución do mesmo, xa se trate de persoas con relación laboral directa coa entidade ou profesionais externos contratados para a prestación de servizos.
- b. Correranse os gastos derivados das actividades nas que participen os beneficiarios do proxecto, incluíndo desprazamentos, aloxamento e manutención. No caso de desprazamentos por estrada, establécese un límite de 0,26 euros por quilómetro recorrido como base para o cálculo dos gastos reembolsables.
- c. Equipamento cultural ou gastos relacionados co montaxe de eventos culturais.
- d. Recursos e soportes para a difusión das actividades (cartaces, folletería, bandeiras, etc.), co fin de promocionalas e asegurar o seu alcance.
- e. Gastos para a eliminación de barreiras físicas ou sensoriais en lugares onde se desenvolvan as actividades, sempre que sexan propiedade da entidade solicitante ou sobre os cales se dispoña de dereito de usufruto.
- f. Gastos destinados á reforma de inmobles co fin de mellorar a accesibilidade para persoas con discapacidade, así como para realizar outras adaptacións necesarias que aseguren o cumprimento dos obxectivos do proxecto. Estes gastos serán aplicables unicamente a locais que sexan propiedade da entidade solicitante ou sobre os cales esta dispoña do dereito de usufruto.
- g. Poderán incluírse como gastos indirectos os gastos xerais da entidade, cun límite do 10 % do orzamento inicial ou do gasto executado se é menor (durante o período de execución do proxecto). Consideraranse gastos xerais da entidade os gastos correntes propios (electricidade, calefacción, aluguer, internet, páxina web e xestión de redes sociais, seguros de responsabilidade civil ou accidentes, etc.).

h. Gastos relacionados con material sanitario e de seguridade para facer fronte ás medidas de prevención, seguridade e saúde necesarias para o correcto desenvolvemento do proxecto. Terase en conta tanto a protección individual do persoal da entidade e dos colectivos beneficiarios como a adecuación das medidas de seguridade nas instalacións onde se leven a cabo as actividades.

i. Outros gastos indubidablemente necesarios para a execución do proxecto e que se detallen debidamente no formulario de solicitude.

Período de imputación de gastos: desde o 1 de setembro de 2026 a 31 de agosto 2027.

Nos xustificantes de gasto **deberá acreditarse a súa relación coa actividade**. O custo de adquisición non poderá ser superior ao valor de mercado.

Non serán financiáveis:

- Con carácter xeral, a amortización de operacións crediticias, gastos ou custos financeiros nin de asesoramento, salvo que se trate de gastos relativos á xestión de nóminas de persoal contratado íntegramente para a execución do proxecto. Imprescindible e debidamente acreditados para a adecuada preparación do proxecto.
- Gastos asociados a accións de recadación de fondos con fins solidarios.
- Complementos salariais ou extrasalariais de persoal que non estea contratado exclusivamente para o desenvolvemento do proxecto.
- Os custos relativos a despedimentos de persoal da entidade, nin do dedicado á execución do proxecto, sexan procedentes ou improcedentes.

5. Criterios de valoración

O procedemento de valoración realizarase conforme a **criterios relacionados coa entidade e co proxecto**.

5.1 Valoración da entidade (ata 10 puntos)

Criterios Valoración da entidade	Puntuación
1. Experiencia e traxectoria	Ata 4 puntos
2. Fomento da inclusión	Ata 2 puntos
3. Estrutura organizativa	Ata 2 puntos
4. Recursos e capacidade económica	Ata 2 puntos

5.1. a) Experiencia e traxectoria (ata 4 puntos)

Valorarase a **experiencia demostrada en proxectos e actividades culturais** en base aos seguintes criterios:

- Proxectos, eventos e actividades realizadas no último ano (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025).

5.1. b) Fomento da inclusión (ata 2 puntos)

Valorarase a **experiencia e a incorporación de criterios de inclusión** tanto na actividade asociativa como nos proxectos desenvolto en base a:

- A representación equilibrada de mulleres e homes na Xunta Directiva ou Patronato da entidade. Para iso, ten que haber polo menos un 40% de cada sexo.
- O número de membros da entidade (persoas traballadoras) que teñen un grado de discapacidade do 33% ou superior.

5.1. c) Estrutura organizativa e comunicación (ata 2 puntos)

Valorarase o **funcionamento da actividade asociativa** e o desenvolvemento da actividade cultural en base a:

- Número de persoas asociadas (base social)
- Sitio web propio con información actualizada sobre proxectos previos realizados.
- Perfís en redes sociais activos e actualizados.

5.1. d) Estrutura económica (ata 2 puntos)

Valorarase a **capacidade de execución dos proxectos** establecendo un equilibrio ponderado entre os seguintes criterios:

- Orzamento liquidado da entidade el año anterior en relación con el orzamento do proxecto solicitado.
- Diversificación das fontes de financiación e esforzo da propia entidade (porcentaxes do orixe da financiación no orzamento liquidado).
- Historial de subvencións para la actividade cultural, xestionadas nos últimos catro anos.

5.2 Valoración do Proxecto presentado (Ata 90 puntos)

A valoración do proxecto realizarase en base aos seguintes criterios:

Criterio de valoración do Proxecto	Puntuación
1. Interese cultural e artístico	Ata 15 puntos
2. Complexidade do nivel de integración e inclusión social	Ata 15 puntos

3. Calidade e viabilidade técnica	Ata 20 puntos
4. Carácter innovador e continuidade dos proxectos	Ata 10 puntos
5. Proposta de participación no Festigual	Ata 10 puntos
5. Viabilidade económica	Ata 20 puntos

5.2.a) Interese cultural e artístico (ata 15 puntos)

Valorarase o interese en base aos seguintes criterios:

- Que propoñan unha **creación artística na que os colectivos en situación de vulnerabilidade aos que se dirixe a iniciativa teñan un papel protagonista**, estando enmarcada nalgún dos seguintes ámbitos: artes visuais, fotografía, artes escénicas, cine e audiovisual, artes plásticas, literatura, música e son.
- Que teñan un **impacto cultural positivo** (potencial de transmisión e acercamento) en relación co público obxectivo.
- Que a proposta aporte **valor á actividade cultural no municipio de A Coruña** en base a un deseño descentralizado das actividades do proxecto para contribuír a unha maior participación e aproximación da cidadanía.

5.2.b) Complexidade do nivel de integración e inclusión (ata 15 puntos)

Terase en conta a información do proxecto recollida no Formulario e a dos Convenios/cartas de Colaboración que se aporten firmados dentro do prazo de presentación e subsanación de solicitudes.

Establecemento de colaboracións e firma de convenio con entidades sociais que se valorarán sempre **en base ao seu grado de implicación no proxecto e co seguinte orde de prioridade:**

- 1º Organizacións sociais con experiencia e especialización na atención a persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- 2º Organismos ou asociacións que presten atención e asistencia a persoas refuxiadas.
- 3º Entidades educativas, sempre e cando non constitúan a única colaboración do proxecto.

Valorarase a **contribución aos fins** e o cumprimento dos **requisitos**, tal e como de definen na base 1.

- Contribución á eliminación de barreiras para a integración a través **de proxectos e actividades abertas á participación** das persoas que pertencen a colectivos en risco de inclusión. [\[Fin d\) Accesibilidade\]](#)
- Inclusión na súa metodoloxía de **mecanismos de participación ou apoios** para que **todas as persoas participantes poidan interactuar en todas as súas fases**, incluíndo medidas que aseguren a accesibilidade física e comunicativa,

permitindo que todas as persoas poidan participar sen barreiras. [Fin c) Acceso á oferta cultural e requisito de metodoloxía adecuada]

- Desenvolvemento dunha **programación estable** que permita xerar espazos de aprendizaxe para que as persoas e colectivos en risco de exclusión poidan evolucionar cara a **incorporación a actividades artísticas e culturais** na cidade, entendéndose como unha oferta continuada, estruturada e accesible de actividades formativas e creativas, deseñada para favorecer a participación progresiva de persoas e colectivos en risco de exclusión na vida artística e cultural da cidade. Esta programación debe caracterizarse pola súa regularidade, adaptación ás necesidades dos participantes, vinculación co ecosistema cultural local e compromiso coa inclusión e a mellora continua. [Fin b) Actividades culturais en formatos accesibles e inclusivos]
- Promoción da **igualdade de xénero e a diversidade no proxecto**, mediante a implementación de accións específicas que favorezan a participación activa de persoas de todos os xéneros, prestando especial atención a aquelas identidades historicamente infra-representadas ou excluídas no ámbito artístico e cultural. [Requisito xeral: transversalidade de xénero]
- Fomento da accesibilidade económica mediante a oferta de prazas gratuítas nas actividades habituais da asociación, co obxectivo de garantir a participación de persoas en situación de vulnerabilidade ou con recursos limitados.

5.2.c) Calidade e viabilidade técnica (ata 20 puntos)

A valoración deste criterio implica, necesariamente, un equilibrio entre os dous anteriores xa que, tratándose de **proxectos deseñados especificamente para esta convocatoria**, teranse en conta os obxectivos que se perseguen: **cultura, accesibilidade e inclusión**. Valorarase a **formulación clara da información solicitada** de modo que facilite a súa comprensión e demostre a coherencia xeral entre os seguintes aspectos:

- A **definición de obxectivos de inclusión específicos**, tendo en conta as características do proxecto e dos colectivos participantes.
- A **relación entre o deseño do proxecto e dos obxectivos da convocatoria**: descrición dos axustes realizados na metodoloxía artística e os mecanismos de apoio previstos para cumprir os obxectivos de inclusión.
- **Principais resultados esperados e indicadores**, sendo a súa explicación clara e coherente coa definición dos obxectivos, a tipoloxía do proxecto e os colectivos participantes.
- A **planificación e temporalidade**. Valorarase positivamente a sostenibilidade do proxecto en base ao desenvolvemento das actividades ao longo do período da convocatoria.

- **Claridade no desenvolvemento e descrición de contidos.**
- No caso de que o proxecto presentado fora desenvolto nunha convocatoria anterior, valorarase especialmente as observacións obtidas durante a visita de avaliación intermedia realizada pola secretaría técnica, así como o resto das supervisións efectuadas, integrándose ditas valoracións na puntuación final
- Ademais da visita de avaliación intermedia realizada pola Oficina Técnica, serán valorados pola comisión todos aqueles aspectos que desde a Oficina se consideren relevantes na execución dos proxectos (xustificacións, doc. Presentada,...)

5.2.d) Carácter innovador e continuidade dos proxectos (ata 10 puntos)

Valorarase o equilibrio entre a capacidade de innovación e a continuidade dos proxectos, recoñecendo especialmente aquelas iniciativas que, tras un período de execución, incorporen melloras que reforcen o seu impacto social, este criterio desglósase nos seguintes apartados:

- Considerarase o grado de novidade do enfoque, as ferramentas utilizadas ou as dinámicas propostas, especialmente se aportan solucións creativas a retos sociais vinculados ao proxecto.
- Impacto previsto a medio e longo prazo: terase en conta a capacidade do proxecto para xerar efectos sostibles nos beneficiarios, máis alá do período subvencionado.
- Innovación en proxectos: puntuarase a capacidade dos proxectos para evolucionar, adaptarse a novas necesidades ou incorporar boas prácticas que melloren a súa eficacia.

5.2.e) Proposta de participación na XI edición do Festigual (ata 10 puntos)

Valorarase a inclusión no proxecto dunha proposta específica para participar na **XI edición do Festigual**, considerando o seu aliñamento cos obxectivos do festival e o seu impacto na sensibilización sobre a inclusión social no ámbito artístico local. Para a súa avaliación, terase en conta os seguintes aspectos: a coherencia conceptual e metodolóxica da proposta, a súa viabilidade técnica, o grado de innovación e a súa capacidade para xerar procesos inclusivos e transformadores.

Recórdase que a participación no Festigual financiarase con fondos independentes aos desta convocatoria, polo que a súa inclusión no proxecto no implicará una asignación económica adicional dentro do presente procedemento.

- **Cultura Inclusiva:** Presentación dun espectáculo de nova creación ou unha proposta que sintetice a traxectoria do programa de subvencións, sempre no ámbito das artes escénicas e audiovisuais, con protagonismo de persoas, artistas e/o entidades culturais da cidade.

- **Orixinalidade:** Nivel de innovación e creatividade do proxecto.
- **Temporalidade:** Adecuación da proposta artística ao calendario do festival, debendo desenvolverse no mes de novembro.
- **Colaboración local:** Implicación e cooperación con artistas e entidades do sector cultural da cidade.
- **Proxección do talento inclusivo:** Potencial do proxecto para integrarse en circuítos artísticos que promovan a inclusión.
- **Fomento da profesionalización inclusiva:** Participación activa de colectivos en situación de vulnerabilidade dentro do desenvolvemento do proxecto.
- **Aproveitamento de espazos municipais:** Desenvolvemento de propostas deseñadas especificamente para a súa programación en recintos municipais, con especial interese na súa exhibición no Festigal 2027.

5.2.f) Viabilidade económica (ata 20 puntos)

En relación á **coherencia orzamentaria** presentada nesta solicitude valorarase:

- Adecuación do orzamento aos obxectivos e actividades do proxecto, valorando se os recursos económicos solicitados corresponden de maneira razoable e proporcionada coas actividades previstas.
- Terase en conta a estrutura do orzamento, a claridade na asignación de partidas e a xustificación dos custos en función da súa relevancia para o proxecto.
- O grado de detalle, claridade e especificidade do orzamento presentado, que permita verificar de forma inequívoca a adecuación dos conceptos de gasto incluídos aos criterios de subvencionabilidade establecidos na convocatoria.

6. Solicitude: Prazo, documentación e proceso

6.1 Prazo de presentación

As presentes Bases publicaranse na web da Fundación Emalcsa. Así mesmo, publicarase un extracto das mesmas no Boletín Oficial da provincia (BOP) de A Coruña no que se indicará a data de finalización do prazo de presentación de proxectos.

O prazo para solicitar as subvencións comezará ao día seguinte da publicación no BOP e permanecerá aberto durante 1 mes. .

Non se admitirán a trámite as solicitudes que no aporten, dentro do prazo de presentación:

1. **Documentación necesaria para constatar o cumprimento de requisitos** para concorrer á convocatoria, recollidos na base 3ª: os sinalados no apartado 6.3.1. a, b e c.
2. A **instancia de solicitude** cuberta e firmada.
3. O **formulario de presentación de proxecto** cuberto e firmado. Non será posible subsanar este formulario salvo petición expresa da secretaría técnica.

No suposto de que tanto a instancia como o formulario non se encontren debidamente firmados, entenderanse como non presentados.

Información e consultas

Habílanse un teléfono e un correo electrónico específicos para consultas coa Secretaría Técnica durante o período de presentación de solicitudes e nas etapas de execución e xustificación dos proxectos.

- Teléfono: 627 251 278 - de luns a venres en horario de 9 a 14h
- Correo electrónico: culturaaccesiblesecretaria@gmail.com

6.2 Datos de contacto para comunicacións

As entidades solicitantes deberán indicar na instancia de solicitude e no formulario de presentación un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono de contacto para que a Fundación poida comunicar calquera aspecto relacionado coa convocatoria.

Así mesmo, a esta dirección de correo electrónico serán remitidas as notificacións relativas á resolución de axudas e calquera outra información necesaria para o seguimento e control dos proxectos aprobados.

A non operatividade do enderezo de correo electrónico ou do número de teléfono libera a Fundación Emalcsa de calquera responsabilidade.

6.3 Documentación a presentar

Para a solicitude desta subvención requírese documentación relativa á entidade e específica da convocatoria, que se realizará mediante os modelos oficiais dispoñibles na **Web da Fundación Emalcsa**, no apartado correspondente á **XI Convocatoria**:

<https://fundacionemalcsa.org/gl/xi-convocatoria-cultura-accesible-e-inclusiva-2026-2027/>

- Instancia de solicitude
- Formulario de presentación do proxecto
- Declaración responsable
- Declaración responsable persoal

A presentación da documentación debe realizarse en formato dixital a través do seguinte enlace: (<https://convocatorias.fundacionemalcsa.es>) dentro do prazo indicado anteriormente.

6.3.1 Documentación da entidade

- a. **Estatutos actualizados** (agás que se presentasen na convocatoria anterior e non se tiveran modificado).
- b. Certificado do **número do REMAC** (Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas). As entidades solicitantes que xa presentasen este documento en convocatorias anteriores están exentas de volvelo presentar.
- c. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social**, se é o caso, emitidos dentro dos 6 meses previos á presentación da solicitude. En defecto destes, admitirase xustificante de solicitude que deberá subsanarse coa presentación dos certificados.
- d. **Balance e conta de resultados normalizados** (Adaptados ao Plan Xeral Contable) do último exercicio liquidado, aprobados pola xunta directiva da entidade.
- e. Certificación dos **datos bancarios** da entidade (Orixinal emitido pola entidade bancaria dentro dos 6 meses previos á presentación da solicitude).

6.3.2 Instancia de solicitude e declaracións (segundo modelos establecidos)

- a. **Instancia de solicitude.** Deberá presentarse cuberta e con firma dixital da entidade solicitante ou do seu representante legal.
- b. **Declaración responsable para a acreditación de persoas con discapacidade.** Que estean vinculadas á entidade mediante unha relación laboral.
- c. **Declaración responsable de que a entidade:**
 - Non está incursada en ningún dos supostos de prohibición establecidos na Lei Xeral de Subvencións.
 - Está ao día nas obrigas establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento da concesión da axuda.
 - Cumpre coa lexislación en todos os aspectos relacionados co proxecto.
 - Comunicaralle á Fundación Emalcsa a solicitude ou concesión doutras axudas por parte doutras entidades, públicas ou privadas, e, se é o caso, o seu orixe e importe.
 - Fai responsable da vixencia e veracidade de toda a información achegada co obxecto de concorrer a esta convocatoria.
 - Comprométese a manter na xustificación o porcentaxe de co financiamento da solicitude.

- Autoriza á Fundación Emalcsa a contrastar a información achegada coa Administración e entidades públicas ou privadas pertinentes.

6.3.3 Documentación do proxecto

1. Formulario de descrición do proxecto (segundo modelo establecido)

Deberá incluír información completa e clara que permita a súa avaliación, atendendo aos criterios de valoración que se especifican nestas bases. Presentarase debidamente cuberto e con firma dixital da entidade solicitante ou do seu representante legal.

Ademais da información solicitada neste formulario, poderá achegarse a documentación complementaria que se considere oportuna para acreditar e completar a información facilitada, favorecendo a valoración da solicitude.

2. Colaboración con entidades sociais

Convenio de **colaboración ou carta de compromiso** de colaboración de cada entidade social interesada en participar no proxecto, tendo en conta as seguintes especificacións:

- Se se presentou carta de compromiso, debe expresar a intención de asinar o convenio de colaboración e describir os termos da colaboración, e deberán ser asinados e achegados no prazo dun mes a partir da firma do convenio de formalización da subvención coa Fundación Emalcsa.
- Se se presentan convenios asinados antes de 2026 con vixencia indefinida, deberá presentarse a oportuna dilixencia de prórroga asinada pola entidade social, na que se exprese a súa intención de participar na nova convocatoria.

6.4 Subsanación

No caso de apreciarse defectos ou carencias subsanables, notificarase por correo electrónico requirindo a súa achega no prazo de dez días naturais (a contar desde o día seguinte á notificación).

Tipos de requirimentos e consecuencias:

1. Documentación que acredite os requisitos para ser entidade adxudicataria da subvención:

- Solicitarase a subsanación por defecto, erro ou ausencia dos documentos sinalados nas bases 6.3.1 e 6.3.2.
- Se non se atende, considerarase desistida a solicitude.

2. Documentación relativa a elementos de valoración:

- Solicitarase a subsanación da ausencia dos documentos sinalados na base 6.3.3, agás o previsto no apartado 6.1.

- Se non se rectifica, afectará á valoración, pero non excluírá a solicitude da fase de admisión.

7. Avaliación e Resolución

As solicitudes recibidas no prazo serán avaliadas pola Comisión de Avaliación, integrada por persoal técnico experto nas materias relativas a esta convocatoria.

Para poder ser considerada no proceso de adxudicación, a solicitude deberá alcanzar unha puntuación mínima de **25 puntos** na valoración global do proxecto (criterios 1, 2 e 4). As solicitudes que non acaden dita puntuación mínima serán excluídas automaticamente do proceso de selección, sen posibilidade de subsanación ou revisión.

Durante todo o proceso, a Comisión poderá reunirse con representantes da entidade, ou ben recabar información adicional sobre o proxecto ou a organización, requiríndoa mediante correo electrónico. No caso de non presentarse no prazo, podería afectar á súa valoración ou, incluso, ser motivo de desestimación.

O proceso realizarase conforme ás etapas que se describen a continuación.

7.1 Proposta de valoración inicial

Tras a avaliación de todos os proxectos presentados **farase unha proposta de valoración inicial que incluírá:**

- A relación ordenada de todas as solicitudes que cumpren os requisitos.
- A indicación da puntuación outorgada.
- O importe da axuda que se propón para cada entidade.
- A puntuación mínima establecida para obter a condición de entidade beneficiaria.
- A relación de solicitudes desestimadas por non cumprir algún dos requisitos.

A Comisión de Avaliación poderá establecer unha puntuación mínima para acceder ás axudas económicas.

A proposta presentárase á Fundación Emalcsa para a súa aprobación e publicarase na web da Fundación ao día seguinte da súa emisión. Ademais, notificarase individualmente a todas as entidades solicitantes a puntuación asignada e a decisión favorable ou desfavorable da Comisión, concedéndose un **prazo de 5 días naturais** (a partir do día seguinte á notificación) para consultas relacionadas.

A Comisión poderá reservar un porcentaxe dos fondos da convocatoria, á espera de consultas e alegacións, que se distribuirá na proposta de concesión provisional. Se das consultas e alegacións se derivase algunha modificación sobre as puntuacións iniciais, convocaríase á Comisión para realizar unha nova cualificación das propostas e redistribución dos fondos.

A proposta de valoración inicial non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Fundación.

7.2 Proposta de concesión provisional

Finalizado o prazo de consultas e respostas relativas á valoración inicial, emitírase a proposta **de concesión provisional**:

- A relación ordenada das entidades propostas para ser beneficiarias da axuda.
- As puntuacións finais de cada entidade.
- O importe da axuda que se propón en función da valoración obtida.
- A puntuación mínima establecida para obter a condición de beneficiaria.
- A relación de solicitudes desestimadas por non cumprir algún dos requisitos.

Este ditame presentarase á Fundación para a súa aprobación e publicarase na web da Fundación ao día seguinte da súa emisión. Notificarase ás entidades propostas como beneficiarias a puntuación final e a correspondente axuda proposta, solicitándolles que presenten nun **prazo máximo de 5 días naturais** (a partir do día seguinte á notificación) a **reformulación dos orzamentos e dos proxectos axustada á axuda asignada provisionalmente**, cando o importe da subvención concedida provisionalmente sexa inferior ao importe solicitado.

A reformulación dos proxectos deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da proposta orixinal, así como os elementos asociados aos criterios de valoración establecidos.

Se algunha das entidades seleccionadas renunciase á axuda proposta durante o proceso de resolución, a Comisión poderá acordar, sen necesidade de nova convocatoria, o reparto da contía de dita axuda entre o resto das entidades seleccionadas en proporción á puntuación obtida, sen que se poida superar en ningún caso o límite de 10.000 euros por subvención nin o importe solicitado pola entidade.

A proposta de concesión provisional non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Fundación.

7.3 Proposta de resolución definitiva

Transcorrido o prazo de presentación de reformulacións, realízase a revisión e validación dos proxectos reformulados. Como resultado, emitírase a **proposta de resolución definitiva** que conterá:

- A relación ordenada das entidades que obteñen a condición de beneficiarias.
- As puntuacións obtidas.
- Os importes finalmente concedidos.

Esta proposta será presentada á Fundación Emalcsa para a súa aprobación. Ao día seguinte da súa ratificación, **farase pública na web da Fundación** a acta de resolución definitiva emitida pola Comisión de Avaliación, que terá carácter executivo e inapelable.

Notificarase ás entidades correspondentes a resolución definitiva con indicación do importe da axuda que lle foi concedida e os detalles da firma de convenios para que, no prazo de **5 días naturais** (a partir do día seguinte á notificación), comuniquen a súa aceptación ou renuncia da axuda. Transcorrido este prazo sen producirse a renuncia expresa, a axuda entenderase tacitamente aceptada.

Se algunha das entidades seleccionadas renunciase á axuda proposta durante o proceso de resolución, a Comisión acordará, sen necesidade de nova convocatoria, a repartición da contía de dita axuda entre o resto das entidades seleccionadas en proporción á puntuación obtida, sen que se poida superar en ningún caso o límite de 10.000 euros por subvención nin o importe solicitado pola entidade.

As titulares dos proxectos que non resulten beneficiarias de axuda nesta convocatoria terán **8 días naturais** (a partir do día seguinte á resolución definitiva) para solicitar a devolución da documentación presentada.

8. Formalización da concesión. Forma de Pago.

Circunstancias excepcionais

Firma do convenio

A formalización da adxudicación finalizará coa firma dun convenio entre a Fundación Emalcsa e cada unha das entidades beneficiarias. Nel reflectiranse os dereitos e obrigacións das partes, e incluirá:

- O importe da axuda concedida.
- O prazo de execución do proxecto.
- A forma de pago.
- A xustificación do gasto.
- Os mecanismos de seguimento e avaliación do proxecto, así como a presentación de informes.

Acreditación de representación legal da entidade beneficiaria para a firma

Realizarase nun **prazo máximo de 5 días naturais** desde a comunicación da **resolución definitiva**, salvo que xa sexa a mesma que na convocatoria anterior. En caso de non poder acudir, presentarase carta de delegación en favor da persoa designada asinada por quen ostenta a representación legal.

Forma de pago

A Fundación Emalcsa realizará a abono da cantidade concedida nunha conta bancaria da entidade de acordo ao seguinte esquema de pagos:

- Entidades que non obtiveron axuda na X Convocatoria: abonarase o 100% do importe no prazo máximo dun mes desde a firma do convenio.
- Entidades que obtiveron axuda na X Convocatoria e alcancen 6 ou máis puntos (sobre 10) na xustificación, abonarase o 100% do importe no prazo máximo dun mes tras a emisión da carta de conformidade da xustificación.
- Entidades que obtiveron axuda na X Convocatoria e alcancen menos de 6 puntos (sobre 10) na xustificación: abonarase o 50% do importe concedido no prazo máximo dun mes tras a emisión da carta de conformidade da xustificación, desde a firma do convenio e o 50% restante tras a avaliación intermedia (establecida na base 9.2), suxeito a un adecuado desenvolvemento do proxecto.

Circunstancias excepcionais

No caso de que concorran circunstancias excepcionais que, pola súa gravidade ou imprevisibilidade, fagan inviable ou dificulten de forma substancial a execución dos proxectos obxecto da convocatoria —incluíndo, entre outras, situacións de forza maior, alteracións significativas do marco xurídico, económico ou institucional, ou calquera outra causa que xere unha incerteza insalvable— a Presidenta ou a Vicepresidenta do Padroado da Fundación Emalcsa, indistintamente, poderán acordar, en calquera momento previo á firma dos convenios, a suspensión da tramitación ou a revogación total da convocatoria.

Dita decisión terá carácter irrevogable e non xerará dereito algún de compensación ou indemnización a favor das entidades solicitantes, nin daquelas que fosen obxecto de concesión provisional ou resolución definitiva.

9. Obrigações das entidades beneficiarias

A presentación a esta convocatoria implica a plena aceptación das súas bases e, en caso de ser beneficiaria de subvención, o cumprimento das obrigacións que delas derívanse.

Estas obrigaciónes se refieren a:

1. Os requisitos e condicións de execución do proxecto.
2. O procedemento de seguimento e avaliación.
3. A protección de datos e dereitos de imaxe.
4. As accións de publicidade e difusión.

O incumprimento das obrigacións adquiridas pode levar á perda da subvención. As entidades beneficiarias, quedan obrigadas á achega de toda a

Para todos aqueles aspectos que non estean expresamente regulados nas presentes bases, será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

9.1 Sobre as condicións de execución do proxecto

- a. Executar o proxecto nos termos, prazos e requisitos estipulados nestas bases e os estipulados no convenio co que se formalizará a concesión.

- b. Asumir ao seu cargo a exclusiva responsabilidade do funcionamento da entidade e da realización do proxecto subvencionado.
- c. Cumprir con todos os requisitos manifestados na declaración responsable presentada coa solicitude da axuda.
- d. Comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte gravemente o desenvolvemento do proxecto aprobado, así como o atraso de máis dun mes no inicio do proxecto en relación á data indicada na reformulación.
- e. **Solicitar autorización previa e expresa** á Fundación Emalcsa para realizar calquera **modificación substancial** sobre o proxecto, entendendo por tal aquela que afecte a:
 - 1. Obxectivos e actividades que afecten os obxectivos do proxecto ou ás entidades colaboradoras do mesmo
 - 2. Beneficiarios/as aos que se dirixen as actividades.
 - 3. Variacións entre partidas do orzamento aprobado, se estas supoñen cambios superiores a 1.000€ e que superen o 20% da axuda concedida.

As solicitudes deberán estar **suficientemente motivadas** e realizaranse:

- i. Con carácter inmediato á aparición das circunstancias que as xustifiquen, se se trata de modificacións de obxectivos, actividades ou beneficiarios (puntos 1 e 2).
- ii. Con antelación á presentación do Informe Final de xustificación para as variacións no orzamento (punto 3).

A autorización ou denegación será comunicada no prazo máximo dun mes desde a solicitude.

No caso de modificacións menores, non incluídas nas categorías descritas, bastará coa súa comunicación durante o desenvolvemento do proxecto e o informe final.

- f. Conservar os documentos xustificativos dos gastos realizados cos fondos concedidos (incluídos documentos electrónicos) para as actuacións de comprobación e control financeiro, durante un período de catro anos a contar desde a data límite de presentación de xustificacións.
- g. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos en caso de incumprimento segundo os supostos establecidos na base 10.

9.2 Sobre o proceso de seguimento e avaliación

A Fundación Emalcsa, ben directamente ou ben a través da subcontratación de terceiros, realizará o seguimento, control técnico e avaliación dos proxectos, así como ao exame dos informes de xustificación presentados.

Para iso, poderá realizar avaliacións in situ do proxecto ou solicitar información complementaria. Poderase requirir, por exemplo, información relativa ás actividades, os gastos executados, a publicidade realizada e a solicitude/concesión doutras axudas e subvencións.

Avaliación intermedia

Realizarase unha visita ou informe de avaliación intermedia, segundo modelo facilitado pola Fundación, co fin de comprobar o desenvolvemento do proxecto.

Quedarán eximidos deste trámite, aqueles proxectos, cuxo período de execución e finalización prodúzanse de forma anterior á data establecida pola Fundación Emalcsa para levar a cabo a avaliación intermedia.

9.3 Sobre a Protección de datos e Dereitos de imaxe

De acordo con a lexislación vixente, as entidades beneficiarias están obrigadas a cumprir, en toda a súa actividade, coa normativa en materia de protección de datos.

Cando os datos das persoas participantes nos proxectos subvencionados nesta convocatoria haxan de ser facilitados á Fundación Emalcsa, **a entidade cultural ha de informar e solicitar formalmente o seu consentimento.**

Doutra banda, sendo esta unha convocatoria para o fomento da cultura accesible e inclusiva, unha parte da actividade dos proxectos subvencionados está enfocada á sensibilización social, o que implica actuacións de información, difusión e publicidade das actividades.

Para **cumprir coa normativa en materia de dereitos de imaxe**, as entidades beneficiarias da subvención están obrigadas a formalizar a autorización e cesión dos dereitos de imaxe de todas as persoas participantes nos proxectos. Neste documento deben figurar de forma clara e específica: os datos da entidade, os do proxecto, os identificativos de cada persoa participante, o tipo de imaxes e a súa finalidade, os destinatarios e canles de difusión a empregar e os das obrigacións contractuais que implica.

No caso de que no proxecto participen persoas menores de idade ou con incapacidade legal recoñecida, a autorización ha de estar asinada tamén pola persoa ou entidade que exerza a súa titoría legal a efectos do proxecto.

A Fundación Emalcsa poderá facer uso das imaxes remitidas polas entidades para a elaboración da memoria, así como para a difusión dos proxectos e o desenvolvemento de boas prácticas en materia de cultura e inclusión. A responsabilidade das imaxes recibidas recae sobre a entidade que as facilita.

9.4 Sobre a publicidade e difusión

A entidade beneficiaria deberá facer pública no prazo máximo dun mes a concesión da subvención a través da publicación na súa web ou en calquera das súas redes sociais. Será necesario que a entidade achegue as evidencias destas publicacións a través da Plataforma.

As entidades beneficiarias deberán cumprir coas seguintes obrigacións específicas de visibilidade:

- **Publicacións dixitais con mención:** a entidade beneficiaria deberá realizar publicacións na súa páxina web e RRSS facendo difusión do proxecto, cun mínimo de 10 publicacións durante a vixencia do convenio.
- **Producción de contido audiovisual:** deberase elaborar polo menos un vídeo breve (30 seg) que explique o impacto do proxecto e mencione a axuda recibida, o cal será difundido nas canles dixitais da entidade.

Así mesmo, a fin de reforzar as accións de difusión a través das redes sociais da Fundación Emalcsa, durante a execución do proxecto comunicará á Secretaría Técnica por correo electrónico a programación de actividades.

A entidade beneficiaria tamén adquire a **obligación de facer constar a colaboración da Fundación Emalcsa, e dos patrocinios da actual convocatoria**, en toda a documentación informativa e accións de difusión e publicidade (en calquera formato e soporte) relacionada co proxecto.

A tal fin, tras a firma do convenio coa Fundación Emalcsa, facilitarase ás entidades beneficiarias o seguinte:

- **Logotipos oficiais e proporcións** nas que deberán ser incluídos en todos os elementos de difusión: cartelería, folletos e papelería, portadas e créditos no material audiovisual, comunicacións cos medios, serigrafía en roupa e equipamento, etc. Este contido tamén está dispoñible na web da Fundación Emalcsa (<https://fundacionemalcsa.org/identidad-corporativa/>)
- Perfis das **redes sociais da Fundación Emalcsa** que deberán ser mencionados en todas as publicacións relacionadas co proxecto por parte da entidade: Instagram, Facebook, Twitter e Youtube.
- Descrición e forma de solicitude do roll up co logo da Fundación Emalcsa.

10. Xustificación

Con **data límite 14 de setembro de 2027**, a entidade deberá realizar a xustificación a través da plataforma en liña habilitada para a presentación de documentación, a través da ligazón que se facilitará desde a Secretaría Técnica do programa.

10.1 Documentación do proxecto

1. Informe final (segundo modelo facilitado pola Fundación).

Este informe debe conter a información das actividades realizadas, os resultados obtidos e as accións de difusión levadas a cabo. Débese especificar:

- Número de persoas beneficiarias das accións realizadas desagregado por entidade social de derivación.
- Tipo de colectivo ao que pertencen as beneficiarias.

- Modificacións non substanciais en relación ao proxecto presentado.

2. Documentación acreditativa da realización:

- Fotos das actividades. Como mínimo deben presentarse 10 imaxes nas que se evidencien as diferentes actividades realizadas dentro do proxecto.
- Mostras da publicidade e difusión: notas de prensa, mostras de publicacións en redes sociais, vídeos...
- Mostras da difusión de colaboración da Fundación Emalcsa e entidades patrocinadoras.

3. Carta de conformidade e/o informe sobre o desenvolvemento do proxecto de cada unha das entidades colaboradoras do mesmo, conforme ao modelo facilitado pola Fundación Emalcsa. Admitiranse evidencias equivalentes que acrediten a colaboración e participación dos beneficiarios.

10.2 Documentación económica

1. Relación clasificada dos gastos (segundo modelo facilitado pola Fundación)

Esta relación debe incluír todos os gastos que foron obxecto de subvención e incluírá:

- Identificación do proveedor
- Importe total do gasto
- Tipo de documento xustificativo e a súa codificación
- Data de emisión e de pago.

Os gastos xerais deberán incluírse na relación de gastos imputados á subvención, sen que sexa preceptivo presentar os xustificantes.

2. Xustificantes de gasto e acreditación do pago

Deberanse presentar facturas conformes á normativa legal vixente ou documentos de valor probatorio equivalente no ámbito xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, acompañados da acreditación do seu pagamento.

Así mesmo, todos os xustificantes de gasto deberán especificar o porcentaxe de imputación correspondente á Fundación, como condición necesaria para a súa aceptación.

Admitirase a xustificación de gastos pagos en efectivo ata un límite total de 250 € coa presentación do recibí coa sinatura orixinal do receptor.

3. Declaración responsable de quien ostente la representación legal de la entidad conforme las facturas presentadas, imputadas al proyecto subvencionado al amparo de esta convocatoria, no se emplearán para justificar otras subvenciones recibidas por otras instituciones públicas o privadas.

Requisitos e obrigacións da acreditación do gasto

- A entidade queda obrigada a dispor dos orixinais dos xustificantes de gastos cun selo ou dilixencia na que se faga constar que foron empregados para a

xustificación da presente convocatoria, así como o importe ou porcentaxe imputado a esta.

– Da descrición do concepto facturado debe deducirse se se trata dun gasto elixible nos termos establecidos na base 4. De non ser así, a entidade deberá presentar xunto coa factura unha breve explicación sobre os conceptos sinalados na mesma.

10.3 Proceso de revisión e extinción do convenio

Toda a documentación xustificativa, unha vez comprobada, **será obxecto de fiscalización por parte da Secretaría Técnica de forma previa á súa aprobación.**

Se se apreciase insuficiencia ou a existencia de defectos subsanables, comunicárase á entidade concedéndose un prazo para a súa subsanación a partir do día seguinte á notificación. No seu caso, realizaranse novamente as actuacións de comprobación sobre a documentación subsanada. Este proceso poderá repetirse no caso de detectarse novos erros ou deficiencias na subsanación.

Reunida toda a documentación xustificativa correcta, procederase á súa revisión e avaliación final, emitindo o correspondente informe.

O proceso de xustificación será obxecto de valoración por parte da Secretaría Técnica, sobre unha puntuación máxima de 10 puntos, que repercutirá na forma de pago da axuda concedida na seguinte convocatoria, se é o caso (de forma semellante á descrita na base 8). Para esta avaliación teranse en conta: a consecución de obxectivos, os aspectos formais de xustificación e a publicidade e difusión realizada.

A xustificación parcial implicará a devolución da parte proporcional ou do total da axuda percibida:

- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % e superior ao 50 % do orzamento subvencionado, devolverase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 50 % do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que se devolverá o importe completo.

A Fundación Emalcsa comunicará formalmente nun **prazo de catro meses tras a recepción do informe final a aprobación ou non do mesmo, segundo corresponda.** Dita aprobación dará lugar á extinción do convenio. Se non se recibise no prazo máximo de catro meses, considerarase extinguido.

11. Incumprimentos

As entidades beneficiarias das axudas comprométense ao reintegro das cantidades recibidas nos seguintes casos:

- a. Incumprimento da obriga de presentar informes das actuacións realizadas e da xustificación do gasto.
- b. Incumprimento grave dos obxectivos para os que foi concedida a subvención.

- c. Supostos nos que os gastos non se levasen a cabo por calquera causa ou se modificasen substancialmente os proxectos sen autorización expresa da Fundación Emalcsa.
- d. A inobservancia de calquera outra condición imposta con motivo da concesión da axuda.
- e. Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas para iso.
- f. Resistencia, escusa ou obstrución ás actuacións de seguimento e control.
- g. Incumprimentos graves ou falsidade no informe final do proxecto, postos de manifesto nas accións de seguimento ás que se refire a base 9.2, e durante a xustificación das axudas referida na base 10.

Cando se constate un incumprimento reiterado dos prazos concedidos nos actos de trámite, ou se se teñan producido outras deficiencias durante o proceso de xustificación ou na información presentada, que non estean recollidas nas causas de reintegro precedentes, terá como consecuencia a imposibilidade de obter colaboración económica da Fundación Emalcsa na seguinte Convocatoria de Cultura Accesible e Inclusiva.

12. Protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Fundación Emalcsa coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos relativos a este procedemento baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando resulte necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos comunicándoo na sede da Fundación Emalcsa, Manuel Murguía s/n – Casa da Auga, distrito postal 15011, A Coruña, ou por correo electrónico a secretaria@fundacionemalcsa.org